



Avisos

* **Axuda á prevención de ataques de lobo e xabaril:** A Consellería de Medio Ambiente convoca unha serie de axudas destinadas a sufragar gastos de: * Pastores eléctricos, * Mallas electrificadas, * Cadelos mastíns * Peches fixos a fin de evitar o ataque dos lobos ao gando e colleitas. Mais info na web da consellería. Prazo de solicitudes ata o 11/02/2019.

Centro de Maiores

* Xoves 28 de febreiro de 11:00 a 12:00 Obradoiro de repostería de Entroido no Centro Social de Maiores (non usuarios/as do Centro, anotarse antes do 27/02/18 no Concello)

Envellecemento activo

* O martes 12 de febreiro retomamos as saídas ao balneario de Brión como viña sendo habitual iremos todos os martes saíndo as 15:00h. do Centro de Maiores. Os requisitos para poder participar: Maiores de 60 anos ou pensionistas de Seguridade Social (en calquera das súas modalidades) ou cónxuxes dos anteditos e estar empadroados no Concello de Boimorto. Para poder anotarse chamar ao Concello (981 51 60 20) temos un máximo de 25 prazas/saída.

Entroido

* Sábado 2 de marzo - **Festa de Entroido**, no Polideportivo de 16:30 a 19:30, Inchables (castelo, tobogán e inchables deportivos para adultos); obradoiro de maquillaxe, reparto de caramelos, globos e chocolatada, totalmente gratuito.

Magreco 2019

* Estamos a traballar nunha nova edición da feira, que este ano terá lugar en Boimorto os días 30 e 31 de marzo nas inmediacións do Campo do Rosario. Contamos con ter varias novidades que farán que a feira medre e atraer mais visitantes a Boimorto. En próximos días xa ides empezar a ver novidades nos carteis e folletos informativos da mesma.

Deportes

* Recordamos a todos os participantes das actividades deportivas municipais que deben pasar polo Concello a renovar o carné de actividades, tanto os rapaces das actividades escolares como as persoas que acoden a actividades de ximnasia ou ao Ximnasio Municipal.

Servizos Sociais

***Pensións non contributivas:** Antes do 1 de abril debese remitir a revisión anual das pensións non contributivas.

***Programa de Termalismo Social (IMSERSO):** Está aberto o prazo de solicitude de praza de Termalismo Social do IMSERSO para os meses de **setembro a decembro:** Deberase **solicitar antes do 11 de maio de 2019.** Tramitaranse as solicitudes nos Servizos Sociais (981 51 60 75).

***Actividades lúdicas no proxecto de Bebeteca** as actividades xa deron comezo os luns e xoves (en horario de 16:45h. a 18:15h.) nas instalacións de Punto de Atención á Infancia, mais todas as familias que estean interesadas pódense incorporar á actividade.

Esta actividade consta de obradoiros con diferentes actividades lúdicas dirixido a nenos/as de 1 a 7 anos. É un servizo gratuíto que pretende favorecer a relación e comunicación entre os nenos/as e as súas familias realizando actividades lúdicas e educativas coordinadas por unha mestra e nas que os adultos participan dun xeito activo.

Os menores deberán vir acompañados polo seu pai/nai/titor.